

RECOMENDACIONES

LIBROS «XOA»

Os sete puntos da xoaniña

RAMÓN NICOLÁS

Finalista na última edición do Premio Merlín, Antonio Yáñez —quen conta cunha ampla experiencia na narrativa para primeiros lectores— ofrece un cumprido e imaxinativo volume que se acobilla á clásica fórmula da fábula, por extensión tamén á dunha alegoría. Nesta historia de Yáñez transítase pola vida dunha xoaniña que, na súa descuberta do mundo, asumirá un inevitable percorrido de aprendizaxe, someténdose a unhas probas que a abocarán ao mundo dos adultos e que lle permitirán ao animalíño diminuto obter, se consegue superalas aplicando máis a intelixencia e o enxeño que a forza, eses sete



máxicos puntos escuros dos seus élitros.

«Xoa»

Antonio Yáñez Casal, ilustracións de Rodrigo Chao, Xerais, colección Merlín. Vigo, 2010. 136 páxinas,